



Programación Plástica Bilingüe

2º de Primaria

Mestra: Irene Raña Amido

CEIP Campomaioir (Ordes)

2021/2022



ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. OBXECTIVOS**
- 3. CONTIDOS**
- 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- 5. TABLA DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE**
- 6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**
 - **Situación de clases presenciais / non presenciais**
- 7. TEMPORALIZACIÓN**
- 8. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE PLÁSTICA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**



1. INTRODUCCIÓN

Á hora de abordar a Educación artística, que nesta etapa engloba a Educación musical e a Educación plástica, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

A Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os nosos encontros cos produtos visuais e musicais.

Por outra banda, é de grande relevancia ensinar ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para o facer consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador.

Nesta etapa, a área artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura musical e visual.

Esta programación está pensada para o segundo curso de educación primaria, en concreto dúas clases de 24 e 24 alumnos/as, respectivamente.

2. OBXECTIVOS

En canto ao proxecto bilingüe:

- Contribuír ao desenvolvemento das competencias clave.



O carácter troncal da Plástica fai que participe en todas as Competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia dixital (CD).

Competencia para aprender a aprender (CPAA).

Competencias sociais e cívicas (SC).

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor(SIE).

Conciencia e expresións culturais (CEC).

- Desenvolver habilidades de percepción e de representacións plásticas mediante expresión de ideas e sentimentos, tomando como referencia a lingua inglesa.
- Facer uso da lingua inglesa a nivel básico dentro da aula, empregando vocabulario específico da materia de Educación Plástica.
- Entender e usar de maneira sinxela a lingua inglesa referida á linguaxe artística plástica.
- Recoñecer e empregar técnicas artísticas específicas, adaptando as medidas necesarias de atención á diversidade.
- Empregar vocabulario referido ás características das actividades realizadas e ós materiais propios da área de Educación Plástica.
- Identificar léxico relacionado imaxes artísticas.
- Expresar en lingua inglesa as propiedades máis básicas de diferentes producións artísticas sinxelas
- Realizar producións plásticas cunhas determinadas características seguindo pautas expresadas en lingua inglesa.
- Usar axeitadamente os materiais.
- Empregar as TIC de xeito responsable.



- Respetar e valorar as calidades das creacións propias e alleas.
- Desenvolver a seguridade persoal na elaboración de obras propias.
- Fomentar o desenvolvemento da autoestima favorecendo a resolución exitosa.
- Favorecer a empatía e o traballo en equipo.

En canto a área de plástica:

1. Realizar debuxos a partir de modelos/imaxes.
2. Recoñecer a secuencia temporal que vertebra unha historia.
3. Utilizar as novas tecnoloxías como medio de expresión artística.
4. Comprender a traba de historias e identificar os personaxes principais dentro dun formato audiovisual.
5. Utilizar distintas ferramentas nos seus debuxos e medicións.
6. Recoñecer e utilizar diferentes tipos de liñas nas súas composicións: abertas, pechadas, curvas, rectas, horizontais, verticais, oblicuas e espirais.
7. Identificar e reproducir no debuxo de figuras xeométricas os conceptos punto, recta e plano.
8. Clasificar os triángulos atendendo á lonxitude dos seus lados.
9. Manexar e diferenciar distintos tipos de formato e de tamaño (grande/pequeno e horizontal/vertical).
10. Recoñecer e representar a paisaxe no debuxo.
11. Utilizar as ceras para o debuxo prestándolle especial atención á limpeza.
12. Representar obxectos a través da reutilización de materiais.



3. CONTIDOS

Respectaranse os tres bloques de contido establecidos para a materia no Decreto 105 de Educación Primaria:

- **Educación Audiovisual**: Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito responsable e sinxelo para a busca e creación de imaxes: observación da obra dun artista de forma guiada, de xeito que esperte o seu centro de interese e se corresponda coas sensacións, emocións ou ideas evocadas por unha imaxe.
- **Expresión artística**: Experimentar e explorar diferentes técnicas e materiais: técnicas de debuxo, collage, estampación, estarcido, modelado, sombreado, ...
- **Debuxo xeométrico**: iniciarse no seu coñecemento e na utilización dos instrumentos e materiais adecuados e de xeito moi sinxelo.

Partindo, por tanto da normativa, establecemos os contidos de **Educación Plástica** adaptados ao nivel de **2º de Primaria**:

Bloque 1. Educación audiovisual.

- Imaxe fixa: graos de iconicidade.
- O cómic.
- Imaxe dixital.
- O cine de animación.

Bloque 2. Debuxo xeométrico.

- Medidas: o centímetro.
- Tipos de liñas: abertas e pechadas, rectas, curvas, espirais e diagonais.
- Aproximación intuitiva aos conceptos de punto, recta e plano.
- Identificación de figuras planas en obxectos e ámbitos cotiáns: triángulos, cuadriláteros, circunferencias, círculos e cadrados.



- Triángulos: isóscele, equilátero e escaleno.
- Construción e debuxos a man alzada de triángulos, rectángulos e cuadriláteros.

Bloque 3. Expresión artística.

- A liña como elemento configurador da forma.
- Composición: formato horizontal e vertical.
- Temas na pintura: a paisaxe.
- Técnicas e materiais: as ceras.
- Volume: transformación de obxectos.

Contidos específicos da Lingua Inglesa de Segundo curso:

- Vocabulario de aula: lapis, goma, afía, tesoiras, pegamento, regra, papel, ...
- Vocabulario relacionado coas cores, animais, roupa, números, comida, tempo meteorolóxico, ...
- Expresións de accións relacionadas coa materia: cortar, pegar, dobrar, colorear, debuxar...
- Preposicións: Between, Next to, Behind, Opposite, In, On, Under, In front of.
- Estruturas:
 - There is ... / There are ...
 - Presente Simple
 - Presente Continuo
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (this colour), I don't like (this picture)).
- Expresión de cantidade: contar desde 1 a 50.
- Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this ?, This is my (brother), alimentos (What's this?, This is).



- Identificación das pezas de roupa (I'm wearing).
- Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can't).
- Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I...?).
- Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry? Yes, I am/No I'm not).
- Expresión da cantidade de obxectos ou persoas (How many... are there?)
- Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores
- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).
- Outras expresións para utilizar na aula de Plástica bilingüe:
 - Have you got? Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn't
 - Do you like ...? Yes, I do / No, I don't.
 - Can I go to the bathroom? Can I use the sharpener, please?
 - Can you repeat that, please?
 - Can I have...?
 - Hand out the books.
 - Yes, of course / No, I'm sorry.
 - I don't understand.
 - My favourite picture is ...
 - Stand up / Sit down.
 - What's this ...?
 - Can you spell ...?
 - I'm sorry / I'm late.
 - Morning, afternoon, evening, night.
 - Be quiet, please



- o It's time for ...
- o The senses: smell, touch ...

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Educación audiovisual.

1. A partir dunha fotografía realizar polo menos dous debuxos con diferentes graos de iconicidade.
2. Comprender a secuenciación dunha historia presentada por medio de imaxes.
3. Utilizar programas informáticos sinxelos para a elaboración de debuxos simples, colorealos e modificar a cor.
4. Visualizar curtametraxes e películas de debuxos animados comprendendo a trama da historia e identificando os personaxes principais.

Bloque 2. Debuxo xeométrico.

1. Utilizar a regra para medir mediante o centímetro segmentos.
2. Distinguir diferentes tipos de liñas: abertas, pechadas, curvas, rectas, horizontais, verticais, oblicuas e espirais realizando composicións nas que interveñan as devanditas rectas.
3. Diferenciar os conceptos de punto, recta e plano identificando estes elementos nas figuras xeométricas.
4. Descompoñer en figuras planas obxectos sinxelos, reproducíndoos nun debuxo.
5. Identificar e clasificar os triángulos atendendo á lonxitude dos seus lados.

Bloque 3. Expresión artística.

1. Identificar a liña como un elemento configurador da forma tanto en obras artísticas coma en producións propias.
2. Coñecer o concepto de formato e tamaño identificando a diferenza entre formato grande/pequeno e horizontal/vertical.
3. Recoñecer a paisaxe como un dos temas dentro da pintura ao longo da historia, reproducindo paisaxes reais ou imaxinarias.



4. Aproveitar as propiedades expresivas das ceras nas súas creacións mantendo orde e limpeza durante o proceso.
5. Reutilizar diferentes materiais transformándoos para representar obxectos diferentes ao orixinario.

Instrumentos de avaliación do alumnado

- Observación directa e rexistro individual.
- Intercambios orais: preguntas e respostas na clase, diálogos,...
- Observación do traballo realizado e da participación.
- Seguimento da clase: orde, coidado e limpeza na presentación dos traballos.
- Rexistro de avaliación trimestral.
- Colaboración cos compañeiros na aprendizaxe cooperativa.

Pautas para a avaliación do proxecto relacionadas co Inglés como idioma empregado na aprendizaxe da área de Educación Plástica:

- Valorar a lingua inglesa para comunicarse inicialmente na materia de Plástica, progresando e ampliando o seu uso co paso do tempo.
- Participar de forma activa nas actividades.
- Mostrar interese.
- Respetar as normas de organización e funcionamento na aula, desenvolvendo condutas favorecedoras de convivencia pacífica.
- Nomear en inglés materiais e obxectos do entorno.
- Comprobar a variabilidade nas formas e cores



5. TABLA DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1.Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, auga etc.). ▪ B1.2. Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios, mobiliario urbano, luminosos, sinais etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Observación comentario da obra plástica e visual no contexto, en 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Describir oralmente e de forma sinxela 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC



	<p>exposicións e en museos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. Identificación de nomes da profesión artística. ▪ B1.5. Descrición de imaxes presentes no contexto. ▪ B1.6. Exploración dos elementos plásticos nas imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos etc.). 	<p>diferentes formas de expresión artística.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Manipulación de obxectos cotiáns con diferentes texturas e formas. ▪ B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades. ▪ EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CCEC



<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Exploración de distancias, recorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo. ▪ B1.10. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
<p>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</p>				



<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ J ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Indagación sobre as posibilidades 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC



	plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo.	explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características.	representar o entorno próximo e o imaxinario.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. ▪ B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Experimentación con tipos de liñas (curva, recta, quebrada etc.). ▪ B2.6. Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regla e escuadro) para realizar 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA



	delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume.		diferentes formas xeométricas.	
			<ul style="list-style-type: none"> EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
<ul style="list-style-type: none"> j h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Exploración visual e táctil da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCC T
<ul style="list-style-type: none"> j i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD
<ul style="list-style-type: none"> a j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. B2.10. Satisfacción coa manipulación e a 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC



	exploración dos materiais.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística. ▪ B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.8.1. A moso interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Xerais

- Programación de acordo a: relación co entorno, progresión de contidos, variación de actividades, flexibilidade organizativa de espazos, tempos e agrupamentos.
- Uso de metodoloxía activa e participativa.
- Desenvolvemento da percepción e o razoamento.
- Intensificar a expresión oral.
- Promover o diálogo, a curiosidade, a creatividade e o interese por descubrir novas ideas e técnicas para a expresión plástica.



Recursos:

- o Ambientais, especialmente decorativos.
- o Variados, adaptados aos diferentes estilos de aprendizaxe
- o TIC, en aula ordinaria e en Informática.
- o Contos dixitais, libros de contos, cancións, flashcards, enlaces webs, fotocopiáveis, fotocopias, audios, pop out, láminas, contidos dixitais, karaokes...

Metodoloxía xeral

- Aumento progresivo da lingua inglesa, sempre de acordo ao progreso da totalidade dos grupos e respectando as medidas de atención á diversidade.
- Fomento da expresión oral do alumnado en lingua inglesa e da súa autoestima polos progresos acadados, identificando os erros como unha parte da aprendizaxe.
- Partir da linguaxe oral para reflexalo cos seus traballos e comezar pouco a pouco a reflexar o que comprenden oralmente tamén por escrito.
- Variabilidade nas situacións comunicativas dentro da aula de Educación Plástica: xogos, linguaxe corporal,...
- Interdisciplinabilidade coas demais materias, especialmente coa de Lingua Estranxeira
- Responsabilidade co material propio e alleo.
- Motivadora, que anime a crear.

Metodoloxía da materia de Educación Plástica

- Explicación da actividade.
- Brainstorming (similar á reunión creativa), con breve exposición de coñecementos previos.
- Utilización de imaxes para apoiar á linguaxe inglesa que se está a empregar.
- Aportación de ideas sobre materiais e técnicas posibles a empregar.
- Organización da tarefa a realizar.
- Expresións de sentimentos e opinións.



- Valoracións persoais das actividades individuais e grupais.

Situación de clases presenciais / non presenciais

Comezaremos o curso con clases presenciais, traballando segundo a metodoloxía prevista, tendo en conta as regras sanitarias.

No caso de que se deba facer a transición a clases non presenciais, utilizarase o aula virtual para que o alumnado poida ver vídeos explicativos realizados pola mestra, vídeos de youtube con actividades, e outros recursos de actividades, podendo enviar fotos dos seus traballos. Para o alumnado sen conectividade, prooverase o material por outros medios.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA DE PLÁSTICA

O desenvolvemento desta área deberá permitir coñecer, e apreciar as manifestacións artísticas para favorecer o desenvolvemento da súa percepción, sensibilidade, curiosidade e creatividade. A metodoloxía utilizada en Educación Artística, como non pode ser doutro modo, debe ser asumida desde a perspectiva de “saber facer”, é dicir, os procesos de aprendizaxe han de realizarse a partir da propia experiencia, actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas; sendo o protagonista activo no proceso de sensibilización, apreciación e creación artística.

Dende esta perspectiva teremos en conta os valores creativos e expresivos (o neno/a debuxa, pinta, canta, baila, modela, toca un instrumento, dramatiza, presenta unha historia ou un xogo expresando os seus propios sentimentos e emocións...), e os valores perceptivos (o neno/a tamén contempla debuxos, cadros, esculturas, fotografías, películas, videoclips, escoita cancións, asiste a representacións teatrais, a festas, ao circo...). As linguaxes artísticas traballaranse a través de técnicas e procedementos diversos dunha forma máis dinámica e creativa.

Por outro lado, o alumnado do século XXI non pode estar afastado do coñecemento



das tecnoloxías propias deste século; así pois, terá a posibilidade de aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen para o desenvolvemento das súas capacidades artísticas. Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que cómpre realizar estarán pensadas desde a Teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área os alumnos iníciase no coñecemento e aprecio do feito cultural en xeral, polo que terán que formarse en habilidades e actitudes que permitan acceder a manifestacións artísticas que os leven a poder desenvolver a súa capacidade crítica.

O traballo en grupo colaborador será unha forma de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Os contidos da área de Plástica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

7. TEMPORALIZACIÓN

Durante todo o ano iranse realizando diferentes proxectos relacionados coa estación na que nos atopemos e sobre diferentes festividades da cultura anglófona e galega:



1er trimestre: Bloque 3. Proxectos: Thanksgiving, Magosto, Fall, Bonfire Night, Halloween, Christmas Day.

2do trimestre: Bloque 1. Proxectos: Groundhog Day, Entroido, Spring, Valentine's Day, Pancake Day, St. Patrick's Day, Easter.

3er trimestre: Bloque 2. Proxectos: Letras Galegas, Summer time.

Esta é unha programación flexible, na que poderemos engadir ou modificar actividades.

Participaremos no proxecto de centro.

8. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE PLÁSTICA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Plástica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe á adquisición da Competencia matemática e Competencias en ciencias e tecnoloxía ao abordar conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, no mobiliario, nos obxectos cotiáns, no espazo natural, e naquelas ocasións nas que se necesitan referentes para organizar a obra artística no espazo. Aspectos traballados en música como o ritmo e as escalas, colaboran directamente coa consecución da Competencia matemática.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.



- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A través dos intercambios comunicativos que se xeran nas diversas actividades e proxectos, do uso das normas que o rexen, da explicación dos procesos e do vocabulario específico que a área achega, contribúese ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

De forma específica, cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo propicio para a adquisición de novo vocabulario e para desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación. Desenvólvese tamén esta competencia a través da descrición dos proxectos de traballo, das argumentacións sobre solucións achegadas no desenvolvemento dos proxectos e da propia presentación destes.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.



Competencia dixital

Mediante o uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e para achegar o alumnado á creación de producións artísticas e á análise da imaxe e do son e das mensaxes que estes transmiten, contribúese ao desenvolvemento da Competencia dixital.

Na área de Plástica adestraremos os seguintes descritores:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

Conciencia e expresións culturais

A área de Educación artística contribúe directamente en todos os aspectos que configuran a área na adquisición desta competencia. Nesta etapa ponse a énfase no coñecemento de diferentes códigos artísticos e nas técnicas e nos recursos que lle son propios, axudando o alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que os rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais. A posibilidade de representar unha idea de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes artísticas proporcionan, promove a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, ao tempo que ensina a respectar outras formas de pensamento e de expresión.

A área, ao propiciar o achegamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do ámbito máis próximo coma doutros pobos, dota os alumnos e as alumnas de instrumentos para valoralas e para formular opinións cada vez máis fundamentais no coñecemento. Deste modo, poden ir configurando criterios válidos en relación cos produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de ocio.



Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural de ámbito mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A Educación artística favorece a participación en experiencias colectivas: colaxe, exposicións, experiencias musicais, etc., como forma de expresar ideas, sentimentos, vivencias tanto persoais coma grupais. A interpretación e a creación supoñen, en moitas ocasións, un traballo en equipo. A aceptación de normas desta forma de traballo, a cooperación, asunción de responsabilidades e utilización de espazos de xeito apropiado, son regras e normas dun desenvolvemento social e cívico adecuado. Todo iso fai que a área contribúa ao desenvolvemento da Competencia social e cívica.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar



posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade e á busca de formas innovadoras, senón que ademais xera flexibilidade polas diferentes respostas que poden obterse ante un ante un mesmo suposto. Neste sentido, a área de Educación artística contribúe á Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor, actuando significativamente no proceso que leva ao neno desde a exploración inicial ata o produto final, o cal require unha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais, non estereotipados. O traballo en equipo e as habilidades de planificación, organización e elaboración de proxectos de traballo supoñen o desenvolvemento de capacidades e de habilidades básicas tales como: a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, contribuíndo todas elas directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Neste caso, os descritores que cómpre adestrar serían:

- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Encontrar posibilidades no arredor que outros non aprecian.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

Á Competencia para aprender a aprender contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, co fin de que os coñecementos adquiridos doten nenos e nenas dunha experiencia suficiente para utilízalos en situacións diferentes. O desenvolvemento da capacidade de observación formula a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente. Neste sentido, a área fai competente en aprender, ao proporcionar protocolos de indagación e



planificación de procesos susceptibles de ser utilizados noutras aprendizaxes.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.